SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RPT DO IMELGA (adaptación ó Deccreto 82/2026 do 20 de xullo) e CREACIÓN DO POSTO DE SUBDIRECTOR DO IMELGA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E POSTERIOR CONVOCATORIA PÚBLICA POLO SISTEMA ESTABLECIDO DE LIBRE DESIGNACIÓN.

CONVOCATORIA URXENTE DOS CONCURSOS ESPECÍFICOS DAS XEFATURAS DE SECCIÓN DE CLÍNICA DO IMELGA DE PONTEVEDRA, XEFATURA DO SERVIZO DE CLÍNICA DO IMELGA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e XEFATURA DE SECCIÓN DE PATOLOXÍA FORENSE DE A CORUÑA, CUBERTAS PROVISIONALMENTE EN COMISIÓN DE SERVIZOS.

E SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RPT PARA A CREACIÓN DUNHA PRAZA DE MÉDICO/A FORENSE NA SUBDIRECCIÓN DO IMELGA DE PONTEVEDRA POLAS COMPETENCIAS ASUMIDAS SOBRE OS PARTIDOS XUDICIALES DE LALÍN E A ESTRADA

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO Galicia, **CIF G15380033,** no seu propio nome e no dos dereitos e intereses profesionais do persoal ao servizo da Administración de xustiza dos Imelgas de Galicia, mail *spjusogalicia@gmail.com*, por medio do presente expón a medio de EXPÓN e **SOLICITA:**

PRIMEIRO. – Da necesidade de actualizar a relación de postos de traballo do IMELGA de Galicia.

A última relación de postos de traballo (RPT) do Instituto de Medicina Legal de Galicia publicada no Diario Oficial de Galicia corresponde á aprobada mediante a **Orde do 15 de novembro de 2022, publicada no DOG do 24 de novembro de 2022**.

Desde aquela data, e tras a aprobación do **Decreto 82/2026, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia**, publicado no DOG do 4 de agosto de 2026, **resulta necesario revisar e adaptar a configuración dos postos de traballo do Instituto á nova estrutura organizativa e funcional establecida regulamentariamente.**

O citado decreto introduce previsións relativas á organización territorial do Instituto, á súa estrutura directiva e ás funcións dos distintos órganos de responsabilidade, así como aos sistemas de provisión dos postos correspondentes.

Esta nova regulación fai necesaria a adecuación da RPT vixente, co fin de garantir a correspondencia entre a estrutura organizativa prevista no regulamento e os postos efectivamente recollidos na relación de postos de traballo.

En particular, o artigo 28 do regulamento regula a relación de postos de traballo do Instituto e a súa aprobación e modificación, de acordo co marco normativo aplicable.

Por todo iso, **SPJ-USO considera imprescindible que a Dirección Xeral de Xustiza impulse a modificación da RPT do IMELGA de Galicia, adaptándoa ás previsións do Decreto 82/2026**, do 20 de xullo, e ás necesidades actuais do servizo público de medicina legal e ciencias forenses.

Esta revisión deberá contemplar, entre outros aspectos, a estrutura das subdireccións territoriais, a configuración dos postos directivos e das xefaturas de servizo e sección, os seus requisitos e funcións, así como os correspondentes sistemas de provisión.

SEGUNDO. – Da necesidade de crear na RPT o posto de Subdirector/a do IMELGA de Santiago de Compostela.

O Decreto 82/2026, do 20 de xullo, establece unha nova configuración da estrutura organizativa do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia.

En particular, os artigos 11 e 12 regulan as subdireccións territoriais e os seus responsables, establecendo a figura do subdirector ou subdirectora como responsable organizativo da correspondente subdirección territorial e determinando o sistema de provisión destes postos.

Esta configuración organizativa require que a relación de postos de traballo reflicta adecuadamente a diferenciación entre a Dirección do Instituto e as subdireccións territoriais previstas regulamentariamente.

Porén, a última RPT publicada, correspondente á Orde do 15 de novembro de 2022, é anterior á aprobación do novo regulamento e debe ser adaptada para incorporar a estrutura organizativa que este establece.

En consecuencia, **resulta necesario que a modificación da RPT contemple expresamente a creación do posto de Subdirector/a do IMELGA de Santiago de Compostela**, diferenciado do posto de director/a do Instituto, coa correspondente definición das súas funcións, requisitos de desempeño e sistema de provisión, de conformidade coa normativa vixente.

Esta creación debe tramitarse como unha modificación formal da relación de postos de traballo, non sendo suficiente a mera convocatoria dun posto que non estea previamente incorporado á RPT nas condicións previstas polo novo regulamento.

A existencia deste posto permitirá adecuar a organización territorial do Instituto ao modelo regulamentario, delimitar as responsabilidades directivas e organizativas e facilitar unha xestión máis eficaz dos recursos humanos e materiais adscritos á correspondente subdirección territorial.

TERCEIRO. – Da posterior convocatoria pública da praza de Subdirector/a polo procedemento de libre designación.

Unha vez incorporado o posto de Subdirector/a do IMELGA de Santiago de Compostela á relación de postos de traballo mediante a correspondente modificación, deberá procederse á súa convocatoria pública para a provisión polo sistema de libre designación.

O artigo 12.2 do Regulamento aprobado polo Decreto 82/2026 establece que os postos de subdirector ou subdirectora serán provistos mediante o procedemento de libre designación, logo de convocatoria pública, entre o persoal do corpo de médicos forenses en activo que reúna os requisitos legalmente establecidos, incluído o de contar, polo menos, con cinco anos de experiencia.

En consecuencia, **SPJ-USO considera necesario que a Administración tramite de maneira sucesiva ambas as actuacións: en primeiro lugar, a modificación da RPT para crear formalmente o posto e, en segundo lugar, a convocatoria pública correspondente para a súa provisión polo sistema de libre designación.**

Esta actuación permitirá aplicar efectivamente a nova estrutura organizativa do Instituto e garantir que a cobertura do posto se realice mediante o procedemento previsto regulamentariamente.

CUARTO. – Da convocatoria dos concursos específicos das xefaturas de Sección de Clínica do IMELGA de Pontevedra, Xefatuera de Servizo de Clínica de Santiago de Compostela e Xefatura de Sección de Patoloxía Forense de A Coruña.

O artigo 19.1 do Regulamento aprobado polo Decreto 82/2026 establece que os postos de xefatura de servizo e de sección do Instituto serán provistos mediante o procedemento de concurso específico de méritos entre o persoal funcionario pertencente ao corpo de médicos forenses, de acordo cos criterios establecidos na correspondente relación de postos de traballo.

A nova regulación determina, polo tanto, o procedemento de provisión que debe aplicarse aos postos de xefatura de servizo e sección comprendidos no seu ámbito de aplicación.

Neste contexto, resulta necesario que a Dirección Xeral de Xustiza revise a situación das prazas de **xefatura de sección de Clínica do IMELGA de Pontevedra, Xefatura de Servizo de Clínica de Santiago de Compostela e Xefatura de Sección de Patoloxía Forense de A Coruña** e impulse as actuacións necesarias para a convocatoria dos respectivos **concursos específicos de méritos**, de acordo coa configuración dos postos na RPT e coa súa situación administrativa. **Facer constar que actualmente ditas prazas están cubertas de forma temporal e provisionalmente en Comisión de Servizos.**

A provisión destes postos mediante o procedemento regulamentariamente previsto contribuirá a reforzar a estrutura técnica e organizativa das respectivas áreas clínicas, mellorar a coordinación funcional e garantir a adecuada distribución das responsabilidades profesionais.

Por iso, **SPJ-USO considera necesario que a Administración proceda á comprobación da situación destas prazas e, unha vez confirmada a súa correcta configuración na RPT e a procedencia da súa provisión, convoque os correspondentes concursos específicos sen demoras inxustificadas é á maior brevidade posible.**

QUINTO: Da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), co obxecto de incluír a creación dunha praza estrutural de médico/a forense adscrita á Subdirección do IMELGA de Pontevedra.

Solicítase a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), co obxecto de **incluír a creación dunha praza estrutural de médico/a forense adscrita á Subdirección do IMELGA de Pontevedra.**

Esta solicitude vén motivada polo **incremento das necesidades de persoal derivadas da ampliación do ámbito territorial de actuación desta Subdirección, que asumiu competencias sobre os partidos xudiciais de Lalín e A Estrada. Esta circunstancia supón unha maior carga de traballo e unha necesidade adicional de recursos humanos para garantir a adecuada prestación do servizo público de medicina legal e forense.**

Cómpre salientar que, precisamente para atender estas necesidades, **xa foi nomeado persoal médico forense de reforzo na Subdirección de Pontevedra. A existencia deste reforzo evidencia que as necesidades de persoal non responden a unha situación meramente puntual ou hipotética, senón a unha carga de traballo efectiva derivada da asunción das novas competencias territoriais.**

Por iso, considérase necesario que a Administración proceda a adaptar a estrutura de persoal ás necesidades reais do servizo, incorporando á RPT unha praza de médico/a forense de carácter estrutural, que permita consolidar os recursos humanos necesarios para atender adecuadamente as funcións asumidas, garantir a continuidade e calidade do servizo e evitar que necesidades de persoal de carácter permanente teñan que seguir cubríndose mediante nomeamentos de reforzo.

SEXTO. – Da aplicación efectiva do novo regulamento e da participación sindical.

A aprobación do Decreto 82/2026, do 20 de xullo, debe traducirse nunha adaptación efectiva da estrutura organizativa e da relación de postos de traballo do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia.

O mantemento dunha RPT cuxa última publicación corresponde a novembro de 2022 fai necesario revisar a súa adecuación á nova regulación, especialmente no relativo ás subdireccións territoriais, aos postos directivos e ás xefaturas de servizo e sección.

Esta actualización deberá tramitarse mediante os procedementos legalmente establecidos, cos informes e actuacións preceptivas e coa participación das organizacións sindicais nos termos previstos pola normativa aplicable.

Así mesmo, resulta conveniente que a Dirección Xeral de Xustiza estableza unha planificación das actuacións necesarias para a modificación da RPT e para a posterior convocatoria dos procedementos de provisión, informando as organizacións sindicais do calendario previsto e do estado de tramitación.

A finalidade última debe ser garantir unha estrutura organizativa actualizada, coherente coa normativa vixente e adecuada ás necesidades do servizo público de medicina legal e ciencias forenses en Galicia.

En virtude do exposto, SOLICITA:

PRIMEIRO. Que a Dirección Xeral de Xustiza inicie e impulse, coa maior brevidade posible, a **tramitación da modificación da relación de postos de traballo do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia, cuxa última publicación corresponde á Orde do 15 de novembro de 2022**, publicada no DOG do 24 de novembro de 2022, para adaptala á estrutura e ás previsións do Decreto 82/2026, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia.

SEGUNDO. Que a modificación da RPT contemple expresamente a **creación do posto de Subdirector/a do IMELGA de Santiago de Compostela**, diferenciado do posto de director/a

do Instituto, coa definición das funcións, requisitos e sistema de provisión que correspondan, de conformidade coa nova estrutura organizativa establecida no Decreto 82/2026.

TERCEIRO. Que, unha vez aprobada a modificación da RPT e creado formalmente o posto de Subdirector/a do IMELGA de Santiago de Compostela, se proceda á súa **convocatoria pública polo procedemento de libre designación**, de conformidade co artigo 12.2 do Regulamento aprobado polo Decreto 82/2026 e cos requisitos legalmente establecidos.

CUARTO. Que se revise a situación administrativa e a configuración na RPT das **prazas de xefatura de sección de Clínica do IMELGA de Pontevedra, xefatura de Servizo de Clínica de Santiago de Compostela e Xefatura de Sección de Patoloxía Forense de A Coruña e que, unha vez confirmada a súa adecuación á normativa vixente e a procedencia da súa provisión, se convoquen os correspondentes concursos específicos de méritos**, de conformidade co artigo 19.1 do citado regulamento.

QUINTO. Que se inicien os trámites oportunos para a **modificación da RPT do IMELGA, coa inclusión dunha praza estrutural adicional de médico/a forense na Subdirección de Pontevedra**, xustificada pola ampliación do seu ámbito competencial aos partidos xudiciais de **Lalín e A Estrada** e polas necesidades de persoal que esta ampliación leva consigo.

SEXTO. Que a modificación da RPT contemple igualmente a adaptación dos restantes postos do Instituto que resulte necesaria para dar cumprimento á nova estrutura territorial, directiva e funcional prevista no Decreto 82/2026, incluíndo a revisión dos postos, funcións, requisitos e sistemas de provisión que correspondan.

SÉTIMO. Que se garanta a participación das organizacións sindicais nos trámites de negociación que legalmente procedan para a modificación da RPT e que se informe a SPJ-USO Galicia das actuacións previstas, do calendario estimado para a súa tramitación e das previsións relativas á convocatoria dos procedementos de provisión solicitados.

Por todo o exposto, **SPJ-USO Galicia solicita que se teñan por formuladas as anteriores peticións e que se adopten as medidas necesarias para a súa efectiva tramitación**, en cumprimento do novo Regulamento do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de Galicia e en defensa dunha organización adecuada, eficaz e actualizada do servizo público de medicina legal e ciencias forenses.

En Galicia, a 28 de outubro de 2026.

Fdo.: José Nilo Fernández Taboada en representación de SPJ-USO.

Firmado digitalmente por José Nilo Fernández Taboada 76928505-Z

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. **SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**
A CORUÑA: **Roberto** 617685531 - **José Zas** 678473760 **SANTIAGO:** **Manuel Tejada** 654737422
FERROL: **Manu** 678514555 **LUGO:** **Rodrigo** 605739886 **OURENSE:** **Fran** 660450226 - **Alberto** 657124727
PONTEVEDRA: **Nilo** 615496257 **VIGO:** **Julio** 600292730 - **Yoli** 655770994 - **Sol** 687939335
Email xeral para Galicia spjusogalicia@gmail.com **Visita o noso blog** http://spjusogalicia.com
SPJ-USO Galicia - Edificio Xulgados - (locales sindicales). 36209 de Vigo